A Economía Social merece unha banca á súa altura.







E xa existe.

Fiare Banca Etica leva anos comprometida co financiamento da Economía Social e o terceiro sector. Este folleto recolle por que o facemos, como o facemos e que conseguimos.

fiare bancaetica

A Economía Social: un importante motor económico.

Que é a Economía Social?

A Economía Social española agrupa distintas formas xurídicas —cooperativas, sociedades laborais, mutualidades, empresas de inserción, centros especiais de emprego, confrarías de pescadores, sociedades agrarias de transformación, fundacións e asociacións con actividade económica, entre outras— que **comparten algo fundamental: as persoas están por encima do capital.**

Os seus principios, recollidos desde a Lei 5/2011, son a base dun modelo que non só xera valor económico, senón que o distribúe de forma xusta, coida os territorios onde se asenta e constrúe tecido social onde outros non chegan. Tamén inclúe empresas do terceiro sector que reinvisten os beneficios en actividades de alto impacto social: inclusión, atención a colectivos vulnerables, cooperación ou medio natural.

Unha contribución que vai alén do negocio

A evidencia confírmao: as empresas de Economía Social crean emprego máis estable, con mellores salarios, maior igualdade interna e unha oferta diferencial de servizos de coidados, educación e apoio ás economías rurais.

Máis grandes, máis dinámicas, máis competitivas

Fronte á idea de que o social está rifado coa competitividade, os datos do Informe de Necesidades de Financiación da Economía Social 2024, elaborado por Abay Analistas para Fiare Banca Etica, amosan todo o contrario.



> As empresas da Economía Social son, en definitiva, o modelo empresarial que a sociedade necesita para afrontar os retos do século XXI. "E, con todo, teñen un reto histórico: acceder ao financiamento en igualdade de condicións.



40,4% das pemes da Economía Social de mercado factura máis de 1,5 millóns de euros, fronte a só o 5,6% do total das pemes.

95% das pemes españolas son microempresas. Na Economía Social de mercado, só o 49,8%.

31,1% das pemes da Economía Social de mercado creceu en 2023, fronte ao 23,6% do total das pemes.

Este perfil empresarial superior non é casualidade. É o resultado dun modelo de xestión máis participativo, máis comprometido coa calidade do emprego e máis orientado á sustentabilidade a longo prazo.

E, con todo, a banca tradicional non está deseñada para este perfil. A forma xurídica, o modelo de goberno, os ciclos de ingresos vinculados a subvencións ou convenios públicos... son realidades que a banca convencional non ten en conta. Aí é onde Fiare marca a diferenza.

Mostra representativa de 1.000 pemes de Economía Social en todo o territorio nacional, exercicio 2023.

PRECISIÓN TERMINOLÓXICA: o Informe de Necesidades de Financiación da Economía Social 2024 distingue entre Economía Social de mercado e Economía Social de non mercado. Neste folleto, cando unha cifra corresponde unicamente a un destes ámbitos, indícase expresamente.

A Economía Social necesita financiamento, prazos adaptados e unha banca que os entenda.

O acceso ao financiamento é unha panca crítica para calquera empresa. Para as empresas da Economía Social, é ademais un campo de batalla.

En 2023, o 78,2% das pemes da Economía Social tivo necesidades de financiamento, unha porcentaxe moi superior á do conxunto das pemes españolas (54,2%). A razón é o seu maior dinamismo: máis crecemento, máis innovación, máis exportación.

Os obstáculos son reais

Obstáculos máis frecuentes no acceso a financiamento entre as pemes da Economía Social (2023).



31,8%

das pemes da Economía Social identifican o custo do financiamento como o seu principal obstáculo.

Os tipos de xuro elevados son a principal barreira, especialmente entre as pemes de mercado, onde esta porcentaxe alcanza o 43,5%.

13,3%

das entidades da Economía Social considera que as entidades financeiras non comprenden o seu modelo de negocio.

A falta de entendemento das súas estruturas xurídicas e da súa lóxica de funcionamento supón unha barreira relevante para este grupo.

10,1%


das entidades da Economía Social non dispón das garantías esixidas pola banca tradicional.

A falta de avais ou garantías persoais limita o seu acceso ao financiamento.

Ademais, o 53,3% das pemes da Economía Social identifica polo menos unha barreira interna: a reticencia cultural ao financiamento alleo (20,8%), os prexuízos derivados da súa forma xurídica (15,8%) ou a falta de formación financeira (11,0%).

Unha oportunidade histórica. Unha fenda que non podemos ignorar.

A Economía Social está nun momento de expansión. En 2024, as perspectivas da Economía Social eran máis favorables ca as do conxunto do tecido empresarial:



47,1%

das pemes da Economía Social de mercado esperaba aumentar os ingresos durante 2024 (fronte ao 36,2% do total de pemes).




20,2%

prevía crear emprego nos 12 meses seguintes, case o dobre ca a media (10,8%).



Pero crecer require recursos. E o principal recurso é o financiamento.

As principais necesidades concéntranse en:



79,7% **Circulante** para soster a actividade diaria, anticipar facturas, convenios ou subvencións.

23,3% **Investimento en equipo produtivo** para crecer e dixitalizarse.

7,1% **Investimento en inmobles** para adquirir ou reformar locais e instalacións, e para vivenda cooperativa.

4,4% **Innovación** para seguir diferenciándose.

A Economía Social necesita un financiamento con condicións xustas, coñecemento real da súa realidade e valores compartidos.

Fiare Banca Etica: o banco que si entende a Economía Social.

> Quen máis se parecen a nós, mellor prezo obteñen.
> Así funciona unha banca que comparte valores.

O prezo parte do euríbor a 12 meses e redúcese segundo os valores e as garantías de cada entidade. Unha organización socia da cooperativa, integrada nunha Rede Conveniada e con liderado maioritariamente feminino pode acceder a un tipo mínimo do euríbor + 0,25%. Os criterios sociais, cooperativos e de gobernanza forman parte da avaliación do risco porque tamén achegan solvencia e estabilidade.

A banca tradicional non dá a resposta que realmente necesita a Economía Social.

En 2023, o 95,3% das pemes da Economía Social que solicitaron financiamento bancario obtivérono. Lonxe de demostrar que a banca comprende as particularidades do sector, este dato reflicte a fortaleza financeira destas entidades. A Economía Social accede ao crédito porque presenta proxectos sólidos, aínda que gran parte do sistema financeiro siga avaliándoos con criterios deseñados para outros modelos empresariais.

A cuestión non é se acceden ao financiamento, senón en que condicións o fan.



O acceso non o é todo

As pemes da Economía Social que traballan con banca tradicional sinalan problemas frecuentes:

Prazos de devolución insuficientes
para os seus ciclos de actividade reais.

Custos de financiamento
que seguen sendo o principal obstáculo externo.

Falta de comprensión
da súa natureza xurídica e do seu modelo de goberno participativo.

A banca ética resolve exactamente estes problemas. E os datos da Liña de Economía Social de Fiare confírmano con feitos:

425

operacións formalizadas en 18 meses, adaptadas á realidade de cada entidade.



Somos unha cooperativa de crédito de ámbito europeo, comprometida coas finanzas éticas. O 86% das nosas operacións de financiamento van destinadas á Economía Social.

> Non é un posicionamento:
> **é o que somos.**

A Liña da Economía Social

O Informe de Necesidades de Financiación da Economía Social 2024, elaborado co apoio do Ministerio de Traballo e Economía Social, evidenciou unha realidade: as entidades da Economía Social teñen proxectos viables e necesidades reais de financiamento, pero atopan dificultades para acceder a unha banca que comprenda os seus modelos e mais os ritmos.

Como resposta, Fiare lanzou en xullo de 2024 unha liña de financiamento específico para o sector, cunha reserva para os dous anos seguintes de

100M€

50M€

Para operacións a curto prazo: liquidez puntual, anticipo de facturas, convenios e subvencións.

50M€

Para operacións a medio e longo prazo: investimento en equipos, reforma de locais, adquisición de inmobles e vivenda cooperativa.

Fiare responde ás necesidades da Economía Social.

O impacto como guía para financiar a Economía Social

En Fiare Banca Etica cremos que toda actividade económica ten consecuencias sociais e ambientais. Por iso, ademais de analizarmos a viabilidade económica dos proxectos, incorporamos o impacto como criterio de decisión.

Para identificar, acompañar e financiar iniciativas aliñadas coa nosa misión utilizamos a Avaliación Socioambiental (ESA).

1. Avaliamos a organización

Analizamos o seu desempeño a través de **6 áreas de valor:**

A ESA non só avalía riscos: permite identificar fortalezas e capacidades de transformación.

1. **Xeral**
   Coherencia entre misión, estratexia e compromiso coa sustentabilidade.
2. **Gobernanza**
   Participación na toma de decisións, transparencia e responsabilidade.
3. **Traballo**
   Calidade do emprego, igualdade, inclusión e benestar das persoas.
4. **Cadea de valor**
   Relacións responsables con provedores, clientes e outros grupos de interese.
5. **Medio natural**
   Xestión de impactos ambientais e contribución á transición ecolóxica.
6. **Redes e comunidade**
   Contribución ao desenvolvemento territorial, fortalecemento de redes e creación de valor compartido.

2. Avaliamos o impacto

Analizamos o impacto nunha **dobre vertente:**

Impacto da organización
Valor social e ambiental xerado pola actividade habitual da entidade.

\+

Impacto do financiamento
Cambio adicional que permitirá xerar o crédito concedido.

=

Impacto total xerado
Máis impacto positivo para as persoas, as comunidades e o planeta.

(marzo 2026)

A liña da Economía Social en cifras

114M€

Volume de crédito vivo.
Representa o 80% do total do volume vivo en España.

+34%

Crecemento do crédito vivo respecto de marzo de 2025.

742

Organizacións con financiamento activo.
Representa o 71% da totalidade da clientela con crédito.

Un financiamento que funciona

Existe unha idea equivocada: que financiar a Economía Social é só unha decisión ética. Os datos de Fiare Banca Etica demostran que tamén é unha decisión financeira.

Entre 2020 e 2025, o crédito de Fiare creceu a un ritmo do

135%

Crecemento do crédito

66%

Crecemento do aforro

Un crecemento sostido, construído sobre a Economía Social, que representa o 86% das operacións de financiamento de Fiare Banca Etica.

Proxectos viables que crecen e volven

As pemes da Economía Social presentan un perfil de risco obxectivamente favorable:

- **Maior tamaño medio ca a peme española xeral, o que implica maior capacidade de repago.**
- **Maior estabilidade: o 36,5% mantívose estable en 2023 e só o 3,9% está en situación vulnerable, fronte a cifras significativamente peores no conxunto do tecido peme.**
- **Menor taxa de financiamento non resolta: Practicamente nula, fronte ao 5% do total das pemes.**
- **Alta fidelización: sumando as renovacións do mesmo produto (48,47%) e os clientes que xa tiñan outro produto activo con Fiare (25,65%), máis do 74% das operacións corresponden a entidades que xa confiaran en Fiare. Veñen, e quedan.**

A esto se suma que el modelo cooperativo y asociativo genera vínculos de largo plazo que la banca tradicional no suele construir: la entidad no solo es clienta, muchas veces es también socia de la cooperativa. Esa doble vinculación —bancaria y societaria— refuerza la relación.



O que aprendemos sobre a Economía Social

- Xera un alto impacto social e ambiental.
- Está arraigada no territorio e crea valor comunitario.
- Fomenta modelos de gobernanza participativos.
- Impulsa emprego de calidade e inclusión.
- Contribúe activamente á transición ecolóxica.

Datos agregados de la Evaluación Socioambiental (ESA) aplicada a entidades financiadas en España.

Non financiamos a Economía Social só porque comparte os nosos valores. Financiámola porque demostra, día a día, a súa capacidade para xerar **impacto positivo** e construír unha economía **máis inclusiva, sostible e democrática.**

Resultados que falan por si sós




Por zona xeográfica, a liña chegou a todo o territorio:



Zona Centro-Sur	Zona Mediterránea	Zona Norte
37,41% do volume **187** operacións	**34,70%** do volume **142** operacións	**27,87%** do volume **96** operacións

Os que proban a banca ética, non volven atrás

Entre as pemes que traballaron con banca ética, estes son os principais motivos de elección.



75,2% Destaca o aliñamento de valores e principios.

73,6% Valora o maior impacto positivo na sociedade.

65,6% Aprecia a transparencia e ética superiores.

47,2% Percíbea como un socio con quen construír unha relación de longo prazo.

> "A banca ética non defrauda as expectativas da Economía Social. Supéraas."



Do compromiso á realidade

En xullo de 2024, Fiare comprometeuse con 100 millóns de euros para a Economía Social en dous anos. O 31 de decembro de 2025, a resposta do sector foi inequívoca.

92.571.350 € mobilizados en 425 operacións. O 92,5% do obxectivo alcanzado en 18 meses.

Como se distribuíu

Por prazo:

49.018.100 €

Curto prazo
(liñas de crédito e anticipos):

en 345 operacións
(81,18% do total).

43.553.250 €

Longo prazo
(préstamos e hipotecarios):

en 80 operacións
(18,82% do total).



Quen foi financiado

56,11% do volume foi a entidades socias de Fiare Banca Etica.

49,13% foi a entidades pertencentes a Redes Conveniadas.

14,78% financiou entidades lideradas maioritariamente por mulleres.

5 operaciones por valor de 1,81 M€ destináronse a entidades afectadas pola dina de valencia.

A Economía Social representou neste período **o 77,90% do volume total de crédito de Fiare e o 86,56% do número de operacións.**
Non é retórica: é a carteira.

Un ecosistema que se reforza a si mesmo

Os resultados da Liña de Economía Social tamén reflicten a importancia das redes do sector. Os convenios con organizacións representativas permitiron chegar a máis entidades e facilitar o seu acceso ao financiamento. Con todo, o **48% das operacións** realizouse con entidades sen rede aliada, o que demostra que a liña tamén chegou a territorios e entidades fóra dos circuítos habituais da Economía Social organizada.

Entre as redes conveniadas con maior actividade durante o período:

REAS:
87 operacións, 10.334.500 €

COOPCAT:
44 operacións, 12.708.300 €

FAECTA:
28 operacións, 7.706.500 €

CEPES E A SÚA REDE GLOBAL:
200 operacións, 38.644.800 €

A quen acompaña Fiare Banca Etica?

A liña está aberta a todas as entidades de Economía Social: cooperativas, mutualidades, fundacións e asociacións con actividade económica, sociedades laborais, empresas de inserción, centros especiais de emprego, e empresas do terceiro sector que reinvistan os beneficios en inclusión, atención a colectivos vulnerables, cooperación ou medio natural.

> "Cada entidade de Economía Social ten a súa propia realidade. Fiare ten os instrumentos e o coñecemento para acompañalas a todas."

Fiare, a banca á altura da Economía Social



A banca que entende que a Economía Social existe.

Moitas entidades xa nos coñecen. Ven e falamos. Estaremos á túa altura.

www.fiarebancaetica.coop

fiare bancaetica